

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**C E R T I F I C A:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 21 de marzo de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto:** Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior, e para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) (Expte.- 2023063694)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación número 2024001194, de data 09 de febreiro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 - Museos, para o Castelo de Soutomaior, e para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 09/02/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (NIF: B94011665)

A Mesa de Contratación na reunión do día 29/02/2024 procedeu á apertura do sobre "A", nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada polas empresas licitantes ó procedemento



convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma ó servizo de Turismo Rías Baixas para á súa valoración.

O servizo de Turismo, emite informe relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa licitante que acada o seguinte resultado:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR	PUNTUACIÓN DE Supernova Asistencias, S.L.
Contextualización e enfoque (máx. 5 puntos)	4
Análise e reflexión de cara a proposta de novas oficinas e/ou puntos de información a certificarse acorde á norma UNE-ISO 14785:2015 (máx. 5 puntos)	2
Análise e reflexión sobre a adaptación do Castelo de Soutomaior á norma UNE 302002:2018. (máx. 5 puntos)	5
Análise e reflexión sobre a adaptación da Oficina de Turismo Rías Baixas e o Castelo de Soutomaior ao cumprimento do Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para a consecución da Marca S". (máx. 5 puntos)	2
Plan de traballo (máx. 5 puntos)	4
Puntuación total (máx. 25 puntos)	17

Na cláusula 9.1 do PCAP establecécese que para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios disponibles mediante un xuízo de valor (sobre A); polo que o licitador acada a puntuación mínima esixida.

A Mesa de Contratación en base ó informe emitido polo o servizo de Turismo Rías baixas, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa Supernova Asistencias, S.L. na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

